

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36004526	CPR Plurilingüe San Narciso	Marín	2024/2025

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Proxecto competencial	4º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	7
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	7
6. Medidas de atención á diversidade	8
7.1. Concreción dos elementos transversais	8
7.2. Actividades complementarias	9
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	9
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	10
9. Outros apartados	10

## 1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 4º curso de Educación Primaria, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias clave e o traballo de elementos transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado.

Esta materia configurarase neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais e nela buscarase a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno. Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica no SEI San Narciso, centro concertado situado na localidade de Marín. Trátase dun centro con ideario propio e enmarcado nun nivel socioeconómico medio, co obxectivo continuo de ofrecer un servizo educativo de calidade a partir de metodoloxías actuais. Entre os seus principios, destaca o feito de formar persoas con capacidades afectivas para desenvolverse profesionalmente no mundo socio-laboral, educar en valores co fin de plasmar unha formación realmente integral da persoa e aunar a tradición e a modernidade da práctica educativa.

O grupo seleccionado de 4º EP, está composto por 14 alumnos e alumnas (entre 4ºA e 4ºB) con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 8 e os 9 anos. Trátase dun grupo que amosa interese pola aprendizaxe e que, en xeral, son bastante sociables, aspectos que serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Os animais das Rías Galegas.	No primeiro trimestre a temática a abordar é a fauna mariña existente en Galicia. A través de este proxecto, investigarase en base aos tipos de animais presentes nesta comunidade, aos seus hábitats e aos coidados a ter en conta con cada un deles. Tras a pescuda de información e traballar coa temática, exporase o produto final.	35	15	X		
2	Os faros e illas das nosas rías.	No segundo trimestre, a temática a abordar será a tipoloxía de faros e illas presentes en Galicia. A través de dita temática, o alumnado traballará de forma cooperativa co vocabulario propio do ámbito, coñecerá as diversas tipoloxías de estruturas e elaborará un produto final para presentar o aprendido e tratado durante o trimestre.	30	10		X	
3	As embarcacións e tipos de pesca.	No terceiro trimestre, seguindo a metodoloxía de traballo cooperativo, o alumnado coñecerá os tipos de pesca da súa contorna próxima e, en relación, os tipos de embarcacións coas que contamos nos diversos tipos de portos.	35	10			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Os animais das Rías Galegas.	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia da presenza da fauna mariña presente nas rías.	TI	100
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporización prevista.	Ser responsable cos tempos establecidos na temporización.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver os problemas de forma social, dende o diálogo e o respecto mutuo.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Mostrar interese na presentación e coñecementos básicos sobre o proxecto		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Execución de proxectos: dinámicas e roles.</li> <li>- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Os faros e illas das nosas rías.	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Coidar o material e espazos a empregar	TI	100
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Respetar os tempos de entrega e o traballo grupal.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios de forma eficiente		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Manter unha correcta expresión durante o desenvolvemento das sesións e na presentación do produto final.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Ser perseverante no traballo en equipo e na exposición final.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Planificación: secuenciación e temporización.</li> <li>- Execución de proxectos: dinámicas e roles.</li> <li>- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	As embarcacións e tipos de pesca.	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Amosar perseveranza ante a resolución de conflitos.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Móstrase competente na realización do proxecto.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Mostrar conciencia e coñecemento do propio proxecto a realizar, tanto do contido como da propia execución.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos TIC como apoio da presentación do produto final.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Execución de proxectos: dinámicas e roles.</li> <li>- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo a elaboración de tres proxectos en relación co proxecto xeral de centro "As rías, o noso tesouro".

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinabilidade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

Os proxectos serán realizados en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

De cara á elaboración de cada un dos proxectos a desenvolver, o alumnado consultará libros físicos, páxinas web, revistas, realizará entrevistas a familiares, manipulará fotos, visualizará videos, etc. E para cada trimestre farase un plan de traballo, planificando tarefas, tempos, recursos e materiais que se van empregar.

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN, explícase a finalidade do proxecto: pescudar información sobre a fauna persente nas rías de Galicia.

Farase un plan de traballo, planificando tarefas, tempos, recursos e materiais que se van empregar. Á vez, elaborárase un dossier en base á información recopilada e farase unha exposición a partir de medios artísticos.

Na SEGUNDA AVALIACIÓN, os distintos grupos cooperativos, traballarán na pescuda e tratamento de información en base aos faros e illas da contorna próxima. Tras ese tratamento de información, farase unha exposición do traballo realizado na aula, no que se analizarán os puntos fortes e débiles do produto final.

Na TERCEIRA AVALIACIÓN, o alumnado investigará en base á temática da pesca galega (tipos de pesca, de embarcacións, portos próximos...). Tras a realización do dossier de traballo, cada grupo cooperativo presentará, o seu produto final a partir dunha presentación dixital.

Nestes proxectos, trabállanse as todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente as seguintes áreas:

- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...)
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...)
- Ciencias Sociais (países onde se practican, momentos históricos, antropoloxía...)
- Educación en Valores Cívicos e Éticos (comportamento social, respecto á cultura propia...)

- Educación Plástica e Visual (deseño do formato de presentación do proxecto)
- Educación Física

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Dossier de traballo
Ordenador
Pantalla dixital interactiva.
Materiais funxibles (folios, cartolinas...)
Material de consulta (libros, revistas, etc)

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo cooperativo.

Á vez, contarase co espazo da biblioteca do centro educativo. Este espazo axudará a promover actividades dinámicas e de pescuda da información en libros

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, observarase e analizarase o desenvolvemento do alumnado na aula en base as competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo.

Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias.

Os resultados de dita observación daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora.

En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	35	30	35	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

### Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Elección das temáticas a abordar nos proxectos durante o curso escolar, elaboración e exposición do proxecto correspondente ao primeiro trimestre.
  - SEGUNDA AVALIACIÓN: Elaboración e exposición do proxecto correspondente á segunda avaliación.
  - TERCEIRA AVALIACIÓN: Elaboración e exposición do proxecto correspondente á terceira avaliación. Establecer conclusións finais relacionadas co desenvolvemento do curso escolar, analizando posibles propostas de mellora de cara aos cursos seguintes. Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos e criterios de avaliación mínimos pautados. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais, presentación, orde, limpeza, comportamentos, entre outros.
- A nota final do curso será igual ou superior á obtida durante o terceiro trimestre.

### **Criterios de recuperación:**

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar tarefas específicas e pautadas para traballar diferentes aspectos relacionados con este proxecto.

A nota calcularase en función a unha rúbrica na que se avalían distintos aspectos tales como presentación da tarefa, orde...

A nota de dita rúbrica representará a nota da avaliación parcial correspondente.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Para os alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo o profesorado apoiará o traballo en grupo atendendo as dificultades persistentes en cada caso.

### **7.1. Concreción dos elementos transversais**

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia Dixital	X	X	X
ET.5 - Fomento da Creatividade, do Espírito Crítico e Científico	X	X	X

### **Observacións:**



No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- Fomentaranse as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor y a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo/a e o sentido crítico.
- Atenderase a calquer tipo de modificación nas actividades programadas en base aos ritmos da diversidade de alumnado.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Semana da Prensa.	Difusión do noso noticiario en colaboración co xornal escolar.		X	
Exposición de elementos tratados nos corredoiros do centro.	Elaborar esculturas ou maquetas relacionadas cos contidos do proxecto.			X

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado.
Adecuación á temporalización das unidades didácticas.
Metodoloxía empregada
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación.
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas.
Medidas de atención á diversidade
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades.
Clima de traballo na aula
Participación activa de todo o alumnado.

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais

Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado.

**Descrición:**

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

**8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto.

O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do docente, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

O propio seguimento da programación será realizado en Proens cando menos, unha vez ao trimestre, tal e como se reflicte na normativa, deixando constancia nas actas de reunión de departamento.

**9. Outros apartados**